

O PETO DO SANTO ANTÓN

Rubén Aramburu

O tempo fuxe, xa hai un ano do pasamento de Manuel María, o poeta do pobo. Xuntámonos en Compostela, con Saleta, para facerlle unha homenaxe nacional. E foi ben bonita. A xente emocionouse cando se apagaron as luces do auditorio e escoitouse a voz rexa e doce do Manuel, logo acendeuse o seu rostro sobre o escenario e foise fundindo coa paisaxe da Terra Cha. O Tori, achegouse a Outeiro de Rei, onde descansan os seus restos e rezoulle unha oración, que foi de todos nós. Eu creo que nestas tardes de outono, ao solpor, Manuel María achégase ao río, aló en Santa Isabel, e mándalle un bico. Tamén a Francisco Carballo vanlle facer unha homenaxe, ben merecida, polos seus 80 anos de compromiso con Galiza. O Paco é formidábel, sempre anda animado e disposto para o que faga falla. Contoume que unha



Francisco Carballo

vez, cando era neno e ía coas vacas ao monte aló nas terras de Maceda, escoirentou un lobo. Na casa non llo crían, pero chegou un veciño que o mirara e dixo que era verdade. Logo pasou a vida escorrentado feras das malas, e os que mandan tampouco lle fixeron moito caso. Pero hai moita xente agradecida polo seu traballo, o seu labor de mestre, de investigador, de frade...

Precisamos de xente coma Carballo, lobos non quedan moitos, pero raposos hai ben deles, nos despachos, nos

bancos e na política. Mira o da NAFO, vai deixar sen traballo a tanto mariñeiro das nosas parroquias, pois hai que saír á rúa a defendelos. O tremendo foi o dos pobres inmigrantes que deixaron sen auga e sen pan no deserto. Hai que ser ben miserábeis. Non queren que veñan onda nós, seica somos moitos e van gastar unha millonada facendo un valo para que non pasen. As persoas non poden pasar, pero non hai problema en que pasen as mercaderías, e ata as drogas. Meu amigo, que mundo o noso. Aló en Ceuta e Melilla tiñan que pór un disco polos alt falantes co poema de Manuel María que cantaron Mini e Mero: "Escoita irmán, as miñas verbas..."



"Irimia". 17.x.05

O CARRABO UXO por JOSÉ LUIS

